

The page features a decorative design with three blue circles of varying sizes and two thin blue lines that intersect to form a triangular shape. The circles have a slight 3D effect with shadows. The lines are thin and light blue.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

[Escriba el subtítulo del documento]

Actividades extraescolares e complementarias

I.E.S. URBANO LUGRÍS

MALPICA DE BERGANTIÑOS

CURSO 2021/22

MARÍA DEL CARMEN BERMÚDEZ BLANCO

ÍNDICE:

INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

CONTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS XERAIS.

DIRECTRICES XERAIS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

CONMEMORACIÓNS.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES POR DEPARTAMENTOS.

- **DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CLUB DE LECTURA.**
- **DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.**
- **DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.**
- **DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA.**
- **DEPARTAMENTO DE BIOLOXIA E XEOLOXIA.**
- **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**
- **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**
- **DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA.**

PLAN DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES URBANO LUGRÍS-MALPICA CURSO 2021-2022.

- **ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

1.- INTRODUCCIÓN.

As funcións do departamento de actividades complementarias e extraescolares están orientadas a coordinar, xestionar e canalizar as iniciativas e o desenvolvemento de ditas actividades no centro.

As propostas procederán basicamente dos Departamentos Didácticos e diversos estamentos do ámbito cultural-educativo-deportivo e ocio.

O departamento asumirá unha competencia xestora para o cal manterá unha continua e estreita relación co equipo directivo e as xefaturas de departamento co fin de lograr o máximo aproveitamento das actividades sen que supoña perxuício para o normal funcionamento do centro. Igualmente é necesaria a cooperación cos titores, a ANPA e o resto de claustro e comunidade educativa.

O carácter aberto da programación concrétase coa posibilidade de propoñer actividades novas e diferentes co fin de conseguir unha relación máis aberta e dinámica entre a realización das actividades e as características dos alumnos encamiñado sempre o máximo aproveitamento pedagóxico. Nestes casos elevarase a proposta o Equipo Directivo quen estudiará a súa viabilidade.

Asemade temos que ter en conta que seguemos en pandemia pola COVID-19 e non sabemos, polo momento, como vai transcourir o curso, polo tanto hai que ter en conta que algunhas actividades que se poidan facer fóra das instalacións do instituto (as visitas a teatros, fábricas ou centros tecnolóxicos....) poden verse afectadas por esta situación. Aínda así as xefas e xefes dos distintos departamentos tratarán de facer que o curso teña un desenvolvemento máis ou menos normal neste ámbito.

2.- XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS.

Estas actividades son un factor enriquecedor na educación do alumnado xa que

- Amplían a súa formación
- Axúdanlles a formarse nas diferentes facetas da súa personalidade.
- Favorecen a convivencia

Os obxectivos fundamentais que se pretenden lograr son:

- Conseguir que estas actividades sexan un estímulo para actividade educativa evitando que a ensinanza non quede relegada o ámbito da aula.

- Motivar a participación dos alumnos/as despertando o seu interese nos aspectos educativos e contribuíndo a mellora do seu rendemento académico.
- Potenciar a relación co entorno socio-cultural máis próximo o alumnado co fin de mellorar a información e facilitar a súa integración.
- Cooperar e facilitar a Viaxe de Fin de Estudos dirixida os alumnos que rematan os estudos no centro.
- Potenciar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Promover e potenciar a realización de actividades de carácter interdisciplinario.
- Informar de cantas actividades se teña coñecemento e a súa posterior entrega os Departamentos que podan estar interesados, así coma súa exposición no taboleiro de anuncios.

3.- CONTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS XERAIS.

As actividades complementarias e extraescolares contribúen especialmente a adquirir as seguintes competencias:

- Competencias artística e cultural, xa que se amplía o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e o emprego das técnicas e recursos propios.
- Autonomía e iniciativa persoal
- Competencia social e cidadá. O feito de realizar fora do centro escolar supón un traballo en equipo e unha integración social.
- Competencia para aprender a aprender debido a que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos así como a aceptación dos propios erros como ferramenta de mellora.
- Competencia dixital, xa que calquera actividade programada necesita do uso de recursos dixitais na súa programación.
- Competencia do coñecemento e interacción co mundo físico a través da observación, experimentación, reflexión, descubrimento e posterior análise.
- Competencia de comunicación debido ao contacto fóra do centro.

4.- DIRECTRICES XERAIS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

- As actividades poderán realizarse tanto dentro coma fóra do centro.
- Poderán ter un carácter complementario ou distinto a materia segundo dispoña o profesor pero sempre pensando no máximo aproveitamento para o alumnado.
- A realización das actividades fora do centro deberán ser notificadas o departamento de extraescolares.
- Os contidos e os obxectivos serán determinados polos departamentos correspondentes.
- As actividades realizadas fora do centro levarán por cada 20 alumnos un profesor acompañante como mínimo.
- Sempre que se realice unha actividade fora do centro pedirase os pais ou titores legais dos alumnos que firmen unha autorización.
- O departamento de actividades extraescolares fomentará que as actividades sexan equitativas para todos os niveis educativos.
- As actividades de longa duración intentarase colocar de forma que afecten o mínimo posible o desenvolvemento do curso.

5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Para levar a cabo a avaliación das actividades extraescolares teranse en conta os seguintes aspectos:

- Grado de cumprimento dos obxectivos planeados na programación.
- Adecuación da distribución das actividades.
- Valoración de materiais e recursos.
- Grado de satisfacción do alumnado e do profesorado.

6.- CONMEMORACIÓNS.

Durante o curso escolar teranse en conta as seguintes conmemoracións fixadas na ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022

Artigo 8. Conmemoracións

1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:
 - ✓ 25 de novembro: Conmemoración Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - ✓ 30 de xaneiro: Conmemoración Día Escolar da non Violencia e da Paz.
 - ✓ 4 de febreiro: Conmemoración Día do amor en galego.
 - ✓ 24 de febreiro: Conmemoración Día de Rosalía de Castro.
 - ✓ 8 de marzo: Conmemoración Día Internacional da Muller.
 - ✓ 23 de abril: Conmemoración Día do Libro.
 - ✓ 18 de maio: Conmemoración Día das Letras Galegas.

2. De conformidade co establecido no artigo 26.2 da lei 2/2014, do 14 de abril pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectiva-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas as datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

3. Cando algunha das datas as que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións a correspondente conmemoración celebrarse o día lectivo inmediatamente anterior ou posterior, segundo estableza a programación xeral de cada centro.

4. A data a que se refire o punto 2 é lectiva para todos os efectos e nela os centros deberán organizar actividades diversas, tendentes a salientar a importancia da conmemoración mencionada.

XUÑO: EXCURSIÓN DE 4º DE E.S.O.

Como aínda é bastante complicado, na situación na que nos atopamos, organizar unha excursión de fin de curso para os alumnos de 4º de ESO de varios días como se viña facendo nos anos pre-pandemia, a dirección do centro téñen previsto facer unha excursión de un día para este último curso no instituto. Tendo en conta que rematan a etapa educativa de secundaria é preciso que teñan un recoñecemento ao seu traballo de catro anos.

XUÑO : FESTIVAL FIN DE CURSO.

7.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES POR DEPARTAMENTOS.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA. CLUB DE LECTURA.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA .

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA.

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA.

O departamento de Lingua e literatura promove cada curso, polo menos, unha saída a cinema ou a teatro, que se decidirá conforme vaimos tendo información suficiente.

Tamén se prevé en abril ou em maio (semana das letras) unha saída para visitar algún lugar de interese (casa-museo de algún escritor, roteiro literario, etc.).

Outro dos eventos aos que poderemos ir é ao Correlingua, que sempre se convoca no mes de maio/xuño.

Nalgún caso, tamén se tratará de traer algún autor/a convidado ao centro e organizar algunha charla ou mesa redonda.

Non se poden adiantar datas porque sempre nos atemos ás ofertas de editoriais, escritores, certames de teatro...

Igualmente, se algún alumno decide participar nalgún certame, acompañarase, ás veces, incluso move toda a aula (Tíralle da lingua, Coca-cola...).

CLUB DE LECTURA

O alumnado do Club de lectura sairá contra finais de curso a facer un roteiro, un intercambio ou unha visita cultural que sexa pertinente. Como peche final do curso.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

- Intercambio de correspondencia e felicitacións de Nadal con alumnos franceses.
- Participación en Proxectos e Twinning con outros centros europeos.
- Participación no Programa Prensa-Escuela.
- Visionado dalgún fragmento de película en versión orixinal e realización, en grupos de dous ou tres alumnos, da ficha técnica nunha cartolina A3, traballando o vocabulario cinematográfico e con un debuxo central ilustrativo do tema ou da súa opinión da película. As cartolinas serían expostas na aula de francés alternando cada un dos traballos para que todos os grupos visen o seu traballo exposto na clase.
- Realización dunha pequena obra de teatro, ou ben dun concurso chamado “Tout le monde a un talent”, onde o alumnado podería disfrazarse, cantar, recitar poemas, facer teatrillos, contar chistes, facer monólogos, bailar, sempre utilizando como nexo a lingua francesa. O obxectivo non sería gañar se non participar e descubrir que calquera deles pode utilizar a lingua francesa fóra da clase e dunha forma máis artística. Esta actividade podería facerse co conxunto do alumnado de francés, dende 1º ata 4º da ESO, sempre e cando a pandemia o permitira, e podería mesmo integrarse nun proxecto eTwinning.
- Elaboración de receitas de postres franceses: esta actividade permitiría traballar as proporcións dos ingredientes, os ingredientes en si e tamén o modo de realizar cada receita utilizando a lingua francesa. O alumnado escollería a súa receita favorita e podería realizala na súa casa para logo propoñer unha degustación e, finalmente, poderíase elixir a mellor receita.

- Calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso, organizada polo departamentos de Francés ou ben en colaboración con outros departamentos.

DEPARTAMENTO LINGUA CASTELÁ E LITERATURA .

As actividades extraescolares, sempre e cando a situación sanitaria o permita, consistirán na asistencia a representacións teatrais relacionadas co currículo do Ensino Obrigatorio Secundario, ou ben roteiros literarios ou visitas guiadas a casas museo de escritores/as.

Realizaranse outras de carácter complementario na biblioteca para a conmemoración de algunha efeméride literaria, a celebración de algún día internacional ou a visita de autores/as de literatura xuvenil.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA.

- Os recreos dos xoves saída de senderimo no entorno do IES.
- Programa da deputación aprende a través do surfing con saída no 2º-3º trimestre, pendente de confirmar dende o programa os cursos o que ofertarán a actividade. Duración da saída 4 horas para cada curso na Praia de Seaia.
- Viaxe a neve posible data en marzo.
- Limpeza de Praia ca asociación Ceida e charla incluída.
- Día da educación física na rúa o 25 de abril.
- Saídas de senderismo a finais de xuño.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXIA.

- ✓ 1º e 4º de ESO: visita ao laboratorio xeolóxico Parga Pondal durante a segunda avaliación (sen confirmar).
- ✓ O lixo mariño (organizada por Ceida para o alumnado de Ciencias Aplicadas de 4ºA):
14/10/21: charla na aula de 4ºA de 8.45 a 9.35h
15/10/21: obradoiro na aula de 4ºA de 11.45 a 12.35h

- ✓ Loita contra a emerxencia climática (organizada por Ceida para o alumnado de Ciencias Aplicadas de 4ºA):
18/11/21: charla na aula de 4ºA de 8.45 a 9.35h
19/11/21: obadoiro na aula de 4ºA de 11.45 a 12.35h.

- ✓ Espazos naturais protexidos da provincia da Coruña (organizada por Ceida para todo o alumnado de 4ºESO):
24/3/21: charla na biblioteca de 8.45 a 9.35h
25/3/21: ruta guiada - Reserva da Biosfera das mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Comeza ás 10.30, ocupará toda a mañá.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

Este curso, faremos actividades extraescolares fóra do centro educativo, como poden ser as saídas didácticas (sempre que a situación sanitaria o permita). Están pendentes por definir, serán propostas no seu caso na CCP.

Se participaremos no Contrato Programa Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Este Programa consiste en que, os alumnos van realizar monólogos que teñen que ver con personaxes históricas ou con personaxes anónimas, inventadas, que foran testemuñas de importantes sucesos histórico. En cada curso da ESO os personaxes e sucesos versarán sobre os contidos de Historia do seu nivel correspondente.

Destinaranse, para a realización dos monólogos, un máximo de dúas horas lectivas por avaliación.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- ✓ **Obradoiro de Igualdade:**
 Mulleres visbles .Enmarcado en Igualdade.
 Realizarase no primeiro trimestre , con alumnado de 1º 2º 3º 4º ESO , son talleres con metodoloxía participativa e integradora para aprendizaxe global e fomentar actitude crítica sobre a discriminación das mulleres na nosa sociedade e visibilar a loita e os logros obtidos.
 Serían os días 27-28-29 outubro .O día 18 de novembro culminaría con obradoiro/formación para equipo docente (ou pais),por David Kaplan (Secretario da asoc.de homes pola igualdade de España,antropólogo).

- ✓ Impartirase para o alumnado de 3º eso o programa **Quérote** +no programa 24412.
 Adicado á sexualidade e os afectos e os mitos, no que fomos admitidos o noso centro, que xa tivo éxito o curso pasado.
 Sería impartido no segundo trimestre.

- ✓ Traeremos charlas informativas da saída profesional do Exército(presencial) no mes de febreiro para alumnado de 4ºESO .
 Así mesmo intentaremos escoller as charlas de A Ponte da USC,que consideremos interesantes, no terceiro trimestre .

- ✓ Taller de Prevención de Drogodependencias para o alumnado da ESO , ou charla informativa sobre os perigos do consumo.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA.

O departamento de Tecnoloxía comunica que ante as actuais circunstancias motivadas pola pandemia de COVID-19 resulta difícil realizar unha planificación de actividades complementarias e extraescolares. No obstante mantense o previsto en cursos anteriores, á espera de poder valorar se resulta posible realizar estas actividades.

ACTIVIDADE	CURSOS				TEMPORALIZACIÓN	Departamentos implicados
	1º	2º	3º	4º		
Parque Tecnolóxico Sotavento		X	X		Preferentemente No 2º trimestre (marzo)	Tecnoloxía Física
Visita a Sogama		X			Preferentemente No 2º trimestre (marzo)	Tecnoloxía Bioloxía e xeoloxía
Realización da actividade "separemos ben, reciclemos mellor" organizada por Sogama		X			A data desta actividade será proposta por Sogama	Tecnoloxía Bioloxía e xeoloxía
Concurso Obradoiro de Robótica				X	A data desta actividade será posta pola fundación barrié	Tecnoloxía
Visita a Patatas Bonilla			X		Preferentemente No 2º trimestre (abril)	Tecnoloxía Lingua castelá (coordinarase coa visita ás instalacións de La Voz de Galicia)
Visita a Coca-Cola		X	X		Preferentemente No 2º trimestre	Tecnoloxía
Visita a Emalcsa (potabilizadora de auga na Telva, A Coruña)				X	Preferentemente No 2º trimestre	Tecnoloxía Bioloxía e xeoloxía
Visita a cesga (centro de supercomputación de Galicia) e al observatorio Ramón Mª Aller (usc)				X	Preferentemente No 2º trimestre	Tecnoloxía
Visita a tvg (ver a grabación e realización dun programa)				X	Preferentemente No 2º trimestre	Tecnoloxía

8.- PLAN DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO IES URBANO LUGRÍS-MALPICA NO CURSO 2021/2022

ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN.

Primeiro trimestre:

- ✓ 25 de novembro: Conmemoración do Día contra a Violencia de Xénero.

Segundo trimestre:

- ✓ 30 de xaneiro: Conmemoración do Día da Paz.
- ✓ 4 de febreiro: Conmemoración do Día do Amor en galego.
- ✓ 24 de febreiro: Conmemoración do Día de Rosalía de Castro.
- ✓ 25 de febreiro: Comparsas Entroido.
- ✓ 8 de marzo: Conmemoración do Día da Muller.
- ✓ Marzo

Terceiro trimestre:

- ✓ 22 de abril: Conmemoración do Día do Libro.
- ✓ 18 de maio: Conmemoración do Día das Letras Galegas.
- ✓ Maio: Percorrido Pondaliano por Ponteceso.

Pode haber actividades que non se realicen pola COVID e outras que vaian xurdindo ao longo do curso.

9. MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN.

Dadas as especiais circunstancias que aínda estamos a vivir pola COVID-19 e tendo en conta que non podemos predicir como vai transcorrer este curso 2021-22, é posible que a programación sufra modificacións, e moitas das actividades que neste momento son inviables se poidan levar a cabo. Por iso as xefas e xefes dos distintos departamentos terán en conta en todo momento a situación da pandemia e as posibles restricións que as autoridades sanitarias teñan a ben impor.

XEFE DEP. DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2021/2022

MARÍA DEL CARMEN BERMÚDEZ BLANCO

IES URBANO LUGRÍS-MALPICA.